

APÓSTOLO 20-31 xullo 2021



Este 2021 é un ano que quedará marcado na nosa historia e no futuro da cidade. Conmemoramos o Ano Santo máis longo dos coñecidos até o de agora, despois de que a Santa Sede decretara a súa prolongación durante todo o 2022. E hoxe, 25 de xullo, reúnese o Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela, 18 anos despois do último encontro, celebrado en decembro de 2003.

Quero agradecer ao presidente do Goberno que dera a orde de convocar este Real Padroado, e á Súa Maxestade El Rei, presidente de honra, a súa dispoñibilidade, así como o permanente apoio que presta á cidade e a un dos seus símbolos máis universais, o Camiño. Esta reunión será fundamental para definir e materializar o Santiago do futuro e marcaranos a folla de ruta a seguir no vindeiro decenio. Non me cabe dúbida de que suporá un espaldarazo a un bo número de proxectos capitais para toda Compostela.

Coa reunión do Real Padroado, este 25 de xullo, Santiago, capital de Galicia, convértese en capital política de España. Contaremos coa presenza da familia Real, do presidente do Goberno e de gran parte do Goberno de España. Porque o Real Padroado é un proxecto de cidade e da cidade, renacido en 1991 co obxectivo principal de coordinar e promover aquelas accións que deban realizar en Santiago de Compostela as tres administracións que o compoñen: Goberno de España, Xunta de Galicia e Concello de Santiago. Unhas accións executadas polo Consorcio de Santiago, e dirixidas, principalmente, á preservación e revitalización do noso patrimonio cultural, á difusión dos valores europeístas e ao desenvolvemento e potenciación de distintas actividades turísticas e culturais vinculadas ás diferentes rutas xacobeas.

Tamén quero amosar o meu recoñecemento á Santa Sede, polo soporte e apoio que dá ao Ano Santo, á ruta xacobeas e ao fenómeno da peregrinación. É neste contexto onde xorden todos os valores que a día de hoxe caracterizan e definen o Camiño de Santiago: a solidariedade, a tolerancia, o respecto pola diversidade cultural, social e lingüística; a perseveranza nunhas metas e o esforzo para acadalas.

O premio final é Santiago de Compostela, Patrimonio da Humanidade, e o agarimo da súa xente que, a pesar da adversidade da pandemia, segue recibindo a peregrinos e visitantes coa hospitalidade que a caracteriza. Durante todos estes meses, os composteláns e compostelás tiveron un comportamento absolutamente exemplar e responsable, que quero destacar e recoñecer.

Esa mesma responsabilidade, de cumprimento das normas sanitarias e de seguridade, é a que hoxe lle seguimos pedindo, tanto á cidadanía, como ás persoas que nos visitan, sobre todo nestas datas nas que celebramos o Día de Galicia e as Festas do Apóstolo. Ata o 31 de xullo hai máis de setenta actividades programadas, entre concertos, teatros, circo, cinema, xornadas folclóricas, espectáculos pirotécnicos...

É tempo de divertirse, pero con tino, neste gran escenario de tradición milenaria, Santiago de Compostela, que abre de novo as súas portas a uns actos e celebracións históricas. Entrade e desfrutade coa maxia e ilusión das Festas do Apóstolo.

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago de Compostela